

Informe sobre execución do ensaio de tolerancia a *F. oxysporum f.sp. lactucae* en 19 variedades de leituga galega

**Obxectivo:**

O obxectivo desta acción é avaliar a tolerancia ao patóxeno *F. oxysporum f.sp. Lactucae* en 19 variedades de leituga galega. Con este traballo comprobarase si existe algunha variedade autóctona galega resistente ou tolerante a este patóxeno do chan de difícil control.

O impacto desta actuación sobre a conservación de recursos fitoxenéticos é importante, pois a detección dunha fonte de resistencia ou tolerancia á enfermidade sería importante para fomentar o emprego da mesma por parte dos agricultores de zonas de Galicia, sobre todo no Salnés por ser a zona máis afectada.

**Estado do proxecto:**

Debido a que as altas temperaturas que se acadan no verán nos invernadoiros non son as óptimas para o desenvolvemento correcto do fungo no chan, ata o momento realizáronse todas as obras de acondicionamento do invernadoiro e máis a provisión de material.

Para a adecuación do invernadoiro cara o seu illamento biolóxico realizáronse varias actuacións:

- Instalación dun solo pulido
- Subministración de catro mesas de cultivo
- Instalación do sistema de rega en ciclo cerrado individual e independente de cada mesa
- Cambio do cadro eléctrico e de automatismos